




Iniciativa Estratégica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030



XUNTA
DE GALICIA






Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030

01	Contexto	5
02	Os sectores do aerospazo, a seguridade e a defensa en Galicia	7
03	Oportunidade de ampliar o alcance ao resto de sectores industriais estratéxicos en Galicia	9
04	A Iniciativa estratéxica 2025-2030	15
05	Obxectivos	17
06	Programas	21
6.1	Programa Ecosistema	21
6.2	Programa de Apoio a Incorporación e Consolidación	24
6.3	Programa para Investimentos Duais en Aeroespazo, Seguridade e Defensa	28
07	Gobernanza	31
08	Orzamento 2025-2030	33



01

Contexto



A Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha política de apoio activo ao sector aeroespacial desde o ano 2014, a través dunha **Iniciativa Estratéxica** dirixida a facer deste sector un referente entre os sectores de alta tecnoloxía en Galicia.

Ata a data, a política de impulso do sector aeroespacial en Galicia materializouse no **Polo Aeroespacial de Galicia**, establecido en 2015 para converter a comunidade nun *hub* aeronáutico e de sistemas non tripulados. As actuacións impulsadas baixo o paraugas desta política agrupáronse na denominada **Civil UAVs Initiative**, iniciativa estratéxica **pioneira en Europa** na atracción de investimentos ao sector dos drons civís e no fomento de solucións innovadoras con vehículos non tripulados.

A través da **colaboración público-privada**, o Polo Aeroespacial conseguiu congrega máis de 50 entidades (empresas tractoras, pemes, universidades e centros tecnolóxicos), que desenvolven en conxunto máis de 100 proxectos de I+-D+i e emprendemento, coa participación de máis de 3.000 profesionais altamente cualificados. De feito, a Xunta foi pioneira no uso de instrumentos como a **Compra Pública de Innovación** para executar estes proxectos, ferramenta que serviu de modelo a outras rexións.

Por outra banda, a **Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027** identifica como prioritarios varios ámbitos de alta tecnoloxía e sustentabilidade, entre eles o aeroespacial. Os esforzos céntranse en actividades de tecnoloxía dual, aproveitando sinerxías civís e militares, de xeito que as solucións desenvolvidas poidan aplicarse tanto a servizos civís como á demanda do sector defensa.

Ademais, no ano 2024 impulsouse unha **estratexia de política industrial** baseada principalmente en **dous instrumentos**: o **Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais**, que permite unha tramitación áxil e máis sinxela para os grandes proxectos que queiran implantarse ou ampliarse en Galicia, e o **apoio aos sectores industriais estratéxicos** da Comunidade Autónoma.



A Xunta, a través da **colaboración público-privada** conseguiu congrega a máis de 50 entidades que desenvolven máis de 100 proxectos de I+D+i **coa participación de máis de 3.000 profesionais altamente cualificados**.



As tecnoloxías e solucións creadas **en colaboración coa Xunta** están sendo comercializadas por estas entidades no mercado nacional e internacional.



02

Os sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Galicia

Este impulso traduciuse
en un importante
crecemento do sector
en Galicia

+59%

Crecemento de emprego
no sector aeroespacial
en Galicia ata os 4.267
empleos

+21,4%

Aumento da facturación,
sendo a rexión con maior
crecemento do sector
en España.

O **sector aeroespacial de Galicia** está conformado actualmente por preto de 140 entidades (empresas tractoras, pemes, universidades e centros tecnolóxicos) que desenvolven conxuntamente grandes programas de investimento e que destacan en segmentos intensivos en tecnoloxía, como os sistemas non tripulados e o espazo.

Moitas destas entidades crearon tecnoloxías propias, de alto valor para as cadeas industriais dos sectores aeroespacial, da seguridade e da defensa, e están a comercializalas con éxito a nivel internacional.

Entre 2015 e 2022, o sector aeroespacial en Galicia medrou un 59%, alcanzando os 4.267 empregos. A facturación aumentou un 21,4%, moi por riba da comunidade líder, Andalucía, que medrou un 15% nese mesmo período. As exportacións multiplicáronse por 43 e o saldo comercial foi positivo en 2021 e 2023.

En comparación con outras rexións, o sector aeroespacial galego segue a ser de pequeno tamaño, mais Galicia está no proceso de consolidarse como unha rexión destacada no sector.

Segundo estes mesmos estudos, as empresas galegas obteñen maior rendibilidade ca as do resto de España e

presentan un endebedamento notablemente menor. A produtividade dos seus activos é substancialmente superior, así como a súa solvencia a longo prazo e o seu coeficiente de liquidez. Con todo, tamén destaca unha mellor produtividade do traballo, dato que pode indicar un maior investimento na creación de novos produtos.

Por outra banda, no **ámbito da seguridade e da defensa** —con 115 centros de traballo especializados neste sector— Galicia destaca pola súa capacidade para construír **sistemas navais completos e sistemas terrestres avanzados**, con dúas empresas líderes nestes ámbitos situadas na rexión (Navantia e Uro). Así mesmo, no eido das **tecnoloxías da comunicación e da ciberseguridade**, é relevante a participación de empresas e centros galegos en grandes programas (como a Iniciativa Estratéxica de Ciberseguridade do INCIBE, onde máis do 13 % dos fondos financian proxectos galegos).

Galicia é, finalmente, unha das poucas rexións con **capacidades demostradas na construción de sistemas non tripulados aéreos, terrestres e navais**.

Xunto coas capacidades tecnolóxicas das empresas galegas neste sector, cómpre destacar as capacidades de xestión, coa presenza no territorio de empresas con demostrada capacidade para liderar programas especiais de defensa, como Navantia, Uro ou Indra. Algunhas destas empresas participan en grandes **programas de cooperación internacional** neste ámbito e son protagonistas de importantes operacións de exportación. Polo tanto, trátase dun dos ámbitos industriais nos que Galicia conta con **empresas tractoras** capaces de atraer moitas outras empresas de menor tamaño, tanto no avance tecnolóxico como no comercio nacional e internacional.



+140

empresas, grandes e pequenas, forman hoxe parte do sector do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Galicia. Un sector con capacidades en máis do 75% das tecnoloxías críticas para o futuro destas actividades



03

Oportunidade de ampliar o alcance ao resto de sectores industriais estratéxicos en Galicia

O sector do aeroespazo, da seguridade e da defensa está a experimentar unha profunda transformación debido ao actual contexto xeopolítico, ás novas incertezas e aos avances tecnolóxicos.

A seguridade e a defensa convertéronse en cuestións **prioritarias** para a Unión Europea e os seus Estados membros. O conflito entre Rusia e Ucraína puxo de manifesto a necesidade de dispoñer dunha estratexia europea de defensa unificada, así como a importancia dunha maior **coordinación, investimento e innovación** neste ámbito. A **Estratexia Industrial Europea de Defensa** recollerá un conxunto de novas accións dirixidas a apoiar a competitividade e a preparación da industria de defensa en toda a Unión. Esta estratexia define indicadores para avaliar o progreso dos Estados membros en materia de preparación industrial e insta a alcanzar os seguintes obxectivos para 2030:



Hoxe, os sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa representan unha oportunidade para o crecemento de calquera rexión europea

- Adquirir polo menos o **40%** dos equipos de defensa de forma colaborativa.
- Garantir que, en 2030, o valor do comercio de defensa dentro da UE represente como mínimo o **35%** do valor do mercado de defensa da Unión.

- Avanzar de maneira constante ata que, polo menos, o **50%** do orzamento público en materia de defensa se adxudique dentro da UE en 2030, e o **60%** en 2035


Como primeiro paso para cumprir esta estratexia, a Comisión presentou o **Programa Europeo da Industria de Defensa (EDIP)**, unha nova iniciativa legislativa que permitirá avanzar desde as medidas de emerxencia adoptadas a curto prazo cara a un marco estruturado e sostible para acadar a preparación a longo prazo da industria da UE neste ámbito. Cun orzamento de **1.500 millóns de euros** asignados ao longo de varios anos, o EDIP financiará a mellora da competitividade do sector e da súa capacidade produtiva, o investimento en tecnoloxías vangardistas e proxectos de I+D transfronteirizos.

Así mesmo, a Comisión reforzará o **Fondo Europeo de Defensa (FED)**, con investimentos destinados a potenciar capacidades estratéxicas en sistemas navais e terrestres avanzados, tecnoloxía aérea de combate de última xeración, capacidades espaciais de alerta temperá, defensa cibernética e protección de infraestruturas críticas.




A seguridade e a defensa convertéronse en cuestións prioritarias para a UE e os seus Estados membros.


Obxectivo UE 2030



dos equipos de defensa deberán adquirirse de forma colaborativa de aquí a 2030.



do valor do mercado de defensa da Unión deberá corresponder ao comercio de defensa dentro da UE de aquí a 2030.





5% do PIB

Limiar de investimento en defensa **establecido pola OTAN.**



O obxectivo é **reducir a dependencia de provedores externos e fortalecer a autonomía estratéxica da Unión Europea.**

Neste contexto, a Comisión Europea publicou unhas directrices orientadas a **incrementar o investimento na industria da seguridade e defensa**. A CE reconece que esta sufriu décadas de **déficit de financiamento privado**, o que fragmentou as capacidades industriais e limitou a cooperación entre Estados membros. Para reverter esta situación e reducir a dependencia de provedores externos, así como fortalecer a **autonomía estratéxica**, a CE porá en marcha as seguintes medidas orzamentarias:

- **Ampliar o orzamento destinado a defensa e seguridade no próximo Marco Financeiro Plurianual (MFP)**, cun incremento considerable respecto aos anteriores. Esta iniciativa está aliñada co compromiso dos Estados membros da OTAN de destinar polo menos o 5 % do PIB á defensa, aínda que a maioría non alcanzou este obxectivo.
- **Revisar o modelo de financiamento do FED** para mellorar o seu impacto no desenvolvemento de capacidades industriais críticas.
- Reforzar os fondos dispoñibles a través de InvestEU, para apoiar o financiamento de tecnoloxías duais e emerxentes en seguridade e defensa.
- **Mobilizar recursos adicionais** mediante novos **instrumentos financeiros europeos** e integrar mellor o investimento privado no sector.
- **Coordinar o financiamento de proxectos de defensa mediante a Estratexia Industrial de Defensa Europea (EDIS) e o EDIP**, co obxectivo de incentivar a adquisición conxunta de capacidades militares e **fomentar a cooperación industrial transfronteiriza**.

- **Reforzar a resiliencia das cadeas de subministración de defensa** mediante a coordinación da produción industrial, o almacenamento de materiais estratéxicos e o establecemento de mecanismos de resposta ante situacións de crise.

Esta determinación por parte da UE levou os Estados membros a redefinir as súas propias estratexias de defensa, integrándoas nas políticas industriais e orientándoas cara a unha **maior soberanía tecnolóxica**.

España, neste contexto, desenvolveu un marco estratéxico de defensa e seguridade que evolucionou desde unha concepción puramente militar a un enfoque máis integral, onde a seguridade nacional abarca tamén a seguridade enerxética, humana, ambiental, económica e cibernética.

A nivel estratéxico, a **invasión de Ucraína en 2022** supuxo un punto de inflexión na política de defensa española, impulsando un incremento notable do gasto militar. Entre **2016 e 2022**, o orzamento do Ministerio de Defensa duplicouse, pasando de **6.800 millóns a 14.000 millóns de euros**. En concreto, o ministro de Defensa comprometeuse a elevar o gasto ata o **1,53 % do PIB en 2024**, mentres que o presidente do Goberno anunciou, tras o **Cumio da OTAN** de xuño de 2022, que España alcanzará o **5 % do PIB en 2029**. En paralelo, asegurouse un investimento de 10.800 millóns de euros para atender as **necesidades máis urxentes das Forzas Armadas**.

En 2023, o Goberno publicou a **Estratexia Industrial de Defensa 2023 (EID 2023)** co obxectivo de maximizar o investimento en defensa, fortalecer a **Base Industrial e Tecnolóxica de Defensa (BITD)** e garantir a autonomía estratéxica de España. O documento identifica **dez eixes estratéxicos**, entre os cales se atopan: o desenvolvemento de capacidades industriais estratéxicas (CIED), a promoción de programas de obtención de armamento, o impulso de consorcios e alianzas estratéxicas, a integración



5% PIB

Orzamento de defensa en España **proxectado para o 2029**




España reforza a súa participación en programas internacionais como PESCO, EDF, EDIP e na OTAN, impulsando a cooperación e reducindo as dependencias tecnolóxicas.

de novas tecnoloxías e a mellora da cohesión territorial a través de corredores industriais. A nivel internacional, a EID 2023 reforza a participación de España en programas europeos como a PESCO, o FED ou o EDIP, así como na OTAN, favorecendo a cooperación e a redución da dependencia tecnolóxica.

A aprobación, en abril de 2025, do **Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa** supón un novo compromiso nacional co investimento neste ámbito, establecendo investimentos clave en áreas como tecnoloxías da comunicación e ciberseguridade, sistemas de defensa e disuasión, ou xestión de emerxencias. Con este plan, España alcanzará o 5 % do PIB destinado á defensa.

Orzamento de Defensa (2016-2029) (% PIB)



O aeroespazo, a seguridade e a defensa son, por tanto, tres ámbitos interconectados nos que Galicia xa conta con importantes capacidades, e que presentan unhas perspectivas de crecemento moi superiores ao resto dos sectores de alta tecnoloxía para a vindeira década.

Por iso, a **Xunta considera que existe unha oportunidade sen precedentes para desenvolver e fortalecer a presenza de Galicia nos sectores estratéxicos**, promovendo a longo prazo o crecemento empresarial e da actividade industrial no territorio, contribuíndo así á soberanía tecnolóxica de Europa.



O aeroespazo, a seguridade e a defensa son tres ámbitos interconectados nos que Galicia ten unha importante oportunidade para crear emprego en sectores de alta tecnoloxía e acelerar o crecemento económico.



04

A Iniciativa estratéxica 2025-2030



A Iniciativa Estratéxica nace coa ambición de crear oportunidades profesionais para a mocidade galega e impulsar o crecemento económico e a calidade de vida na rexión.

A Iniciativa Estratéxica 2025–2030 nace coa ambición de aproveitar as oportunidades que este novo contexto ofrece ás entidades galegas, creando as oportunidades profesionais do presente e do futuro para a mocidade galega, e convertendo estes sectores nunha panca clave para o crecemento económico e a mellora das condicións de vida na rexión.

Neste marco, a **Consellería de Economía e Industria, en estreita colaboración co ecosistema galego do sector e expertos na materia,** fixou como prioridade a **aprobación dunha Iniciativa Estratéxica 2025–2030 do Aeroespazo, da Seguridade e da Defensa,** que identifique obxectivos, programas de investimento e actuacións concretas que serán impulsadas pola Xunta de Galicia para manter a rexión como referente nas políticas de apoio a este sector en España.

A Iniciativa Estratéxica de Aeroespazo, Seguridade e Defensa artéllase como instrumento da política industrial galega en apoio destes sectores, con vocación de continuidade respecto ás políticas iniciadas hai unha década, e como guía para o apoio da Xunta a estes sectores a medio e longo prazo. A Estratexia 2025–2030 recolle a programación de actuacións e investimentos da Xunta de Galicia en apoio destes sectores nos vindeiros cinco anos.



05

Obxectivos

O obxectivo da Iniciativa Estratéxica non é só apoiar o crecemento do ecosistema actual de empresas, senón amplialo notablemente coa incorporación e creación de novas empresas nestes sectores.



A colaboración entre a Xunta, grandes empresas, pequenas empresas e centros de coñecemento do ecosistema é un elemento crave da nova Iniciativa Estratéxica

Durante o próximos cinco anos, a Xunta pretende alcanzar cinco grandes obxectivos coa súa política de impulso do sector aeroespacial, da seguridade e da defensa.

01

Impulsar o crecemento das empresas que forman parte do ecosistema galego de aeroespazo seguridade e defensa

As políticas de impulso do sector aeroespacial en Galicia propiciaron a creación dun sector composto por máis de 1000 empresas, moitas delas de pequeno ou mediano tamaño, pero posuidoras de importantes activos e capacidades tecnolóxicas, que deben afrontar nos próximos anos etapas clave do seu crecemento. Xunto a elas, varias grandes empresas atópanse xa no territorio, tendo capacidade para actuar como tractoras das PEMES.

Existindo este ecosistema, o obxectivo que se expón para esta programación é facer crecer a esas empresas, de maneira que poidan afrontar dito crecemento mantendo a súa base tecnolóxica e produtiva no territorio.

O crecemento empresarial suporá necesariamente o crecemento do emprego que, dado que se trata de sectores intensivos en tecnoloxía, será emprego cualificado e, por tanto, emprego de calidade e atractivo para os mozos galegos das próximas xeracións.

02

**Impulsar a diversificación das empresas,
de forma que poidan ofrecer os seus
produtos e servizos nos sectores
aeroespacial, da seguridade e da defensa**

A iniciativa impulsará a participación de empresas doutros sectores estratéxicos galegos facilitando a entrada no sector da seguridade e da defensa.

03

**Materializar novos investimentos
industriais e promover a transformación
sectorial para facilitar a entrada
no sector de novas empresas**

O cambio de contexto na política industrial permite transcender as **políticas de innovación ou de I+D+i** e considerar esta non un fin senón só unha capacidade produtiva máis a nivel territorial. Por iso, **a Xunta fixa como obxectivo a industrialización** e non só a creación de capacidades.

Materializar **investimentos produtivos de carácter industrial no territorio** como fábricas, centros de deseño, instalacións de probas e validación, etc., é o obxectivo claro deste período, polo que todos os instrumentos se deseñarán cun claro **enfoque na industrialización**.

O Plan pon ao dispor das empresas —tanto galegas como de fóra— un conxunto coherente de instrumentos, mediante os que poderán recibir apoio para localizar os seus investimentos industriais en Galicia durante todo o seu ciclo de vida, desde as fases primarias de deseño e creación de produtos ata a súa manufactura e comercialización.



Ante a necesidade de lograr a autonomía estratéxica de Europa, a Xunta fixa como obxectivo a industrialización e non só a creación de capacidades.



Materializar investimentos produtivos no territorio é o obxectivo claro deste período, cun enfoque decidido na industrialización.



A Xunta investirá en reforzar e ampliar as capacidades produtivas territoriais, que son a base para o crecemento sostible **do sector a longo prazo en Galicia.**

04

Reforzar as capacidades produtivas territoriais de Galicia para este sector, incluíndo o acceso a capital, a infraestruturas e persoas traballadoras cualificadas

As capacidades produtivas territoriais da rexión son clave non só para conseguir os obxectivos a curto ou medio prazo, senón para conseguir un crecemento do sector a longo prazo. **Mediante o investimento en capacidades que realizará a Xunta de Galicia,** espérase que as empresas do sector atopen en Galicia todo o necesario para afrontar o seu crecemento.

Entre as capacidades que se espera pór ao dispor do ecosistema atópanse **o capital que permita ás empresas investir e crecer, as infraestruturas que permitan experimentar e crear produtos de alta tecnoloxía en Galicia,** o coñecemento xerado por centros e universidades, que facilite a transferencia tecnolóxica e capacidades ou os empregados cualificados que necesitan agora e que necesitarán no futuro, así como todo o apoio necesario para continuar innovando e creando produtos disruptivos nos seus respectivos mercados.

05

Liderar as novas políticas industriais a nivel nacional, consolidando o posicionamento da Xunta de Galicia como goberno emprendedor e exemplar no impulso da colaboración público-privada

Por último, a Xunta expón un obxectivo propio pero de **alto impacto sobre o ecosistema: ser o Goberno líder nas novas políticas industriais en España,** creando os

instrumentos necesarios para consolidar a **colaboración público-privada como fórmula crave para o crecemento económico na rexión e a creación de emprego de calidade.**

Este obxectivo materializarase na **exploración**, xunto coas empresas, de todas as súas necesidades e **de todas as posibilidades existentes para apoialas desde Galicia**, incluíndo as axudas de Estado *ad hoc* ou os denominados proxectos estratéxicos territoriais.

A Xunta preséntase como socio estratéxico e tecnolóxico das empresas, escoitando as súas necesidades e expondo plans a medida, específicos, para cada unha delas.



A colaboración público-privada continuará sendo a **fórmula crave para traballar xunto coas empresas e centros do ecosistema, situando á Xunta de Galicia como un referente na colaboración co sector privado.**



06

Programas

A Iniciativa 2025-2030 contempla a execución de tres programas de investimento e de vinte e unha actuacións, que se instrumentan a través de diversos instrumentos.

6.1

Programa Ecosistema

Baixo o primeiro programa da Estratexia 2025-2030 agrúpanse as **tres principais actuacións de colaboración público-privada** emprendidas pola Xunta de Galicia para apoiar ao sector aeroespacial, da seguridade e a defensa durante os cinco próximos anos:

→ **Acordos de Asociación:** contratos asinados con empresas e centros de coñecemento que colaboran coa Xunta na execución de programas conxuntos de investimentos para desenvolver tecnoloxías crave para o futuro destes sectores.

→ **Grandes proxectos de soberanía tecnolóxica:** proxectos impulsados pola Xunta e por empresas do sector para a materialización de investimentos industriais en Galicia e que, polo seu volume, necesitan dun apoio *ad hoc* por parte da Xunta.

→ **Consortorios galegos para proxectos e programas estratéxicos:** agrupacións de empresas e de centros galegos que reciben o apoio directo da Xunta para competir en proxectos e programas nacionais e internacionais e atraer novos fondos e investimentos a Galicia.

Os **Acordos de Asociación** con socios estratéxicos e tecnolóxicos son un instrumento da política industrial da Xunta de Galicia creado hai unha década, no marco da anterior Iniciativa Estratéxica, para o impulso da colaboración público-privada co sector aeroespacial en Galicia.

Desde a súa creación, os Acordos de Asociación foron o obxecto de dúas licitacións instrumentadas a través de compra pública precomercial, nas que participaron as principais empresas nacionais e internacionais do sector aeroespacial e que concluíron coa firma de seis acordos de asociación con empresas tan relevantes como **Airbus, Boeing, Indra, Aertec, Tecnobit, Telespazio e Avincis** (antes Babcock).

Sobre este instrumento constrúese a primeira actuación da *Aerospace Strategic Initiative*, que terá por obxecto o impulso de grandes programas de colaboración público-privada que, liderados por empresas con capacidade de tracción e cadeas de valor atractivas para o ecosistema galego de empresas e de centros de coñecemento, realicen unha aposta pola creación de tecnoloxía e o investimento industrial en colaboración co dito ecosistema.

Ademais, o obxectivo fixado pola Xunta para este novo período é a firma de, polo menos, **outros catro acordos de asociación**, que serán resultado dunha nova licitación que integrará importantes novidades derivadas do cambio de contexto descrito anteriormente, xerando Acordos de Asociación de terceira xeración.

Adicionalmente, a nova política industrial pasa necesariamente por **apoiar ao sector privado nos investimentos industriais** que ten que executar para alcanzar os



Baixo o primeiro programa da Estratexia 2025-2030 agrúpanse as tres principais actuacións de colaboración público-privada da Xunta para o sector aeroespacial, da seguridade e a defensa.

→ **Acordos de Asociación**

→ **Grandes proxectos de soberanía tecnolóxica**

→ **Consortorios galegos para proxectos e programas estratéxicos**

obxectivos da autonomía estratéxica que expón a Unión Europea. Por iso, a UE está a solicitar aos Estados e ás rexións un compromiso decidido para alcanzar obxectivos concretos de investimento e de produción nacional nos ámbitos da seguridade e a defensa.

Para alcanzar estes obxectivos é indispensable que as empresas cren novas capacidades industriais en territorio europeo, integrando **cadeas de valor intersectoriais** que desenvolvan **tecnoloxías duais** e avancen nas denominadas **tecnoloxías críticas e estratéxicas** para Europa.

Este cambio na política industrial supón un reto de primeira magnitude para os gobernos nacionais e rexionais europeos, non afeitos realizar unha política industrial activa e cunha marxe de actuación tan amplo como o que agora se expón. A Xunta de Galicia decidiu **liderar estas políticas en España**, dando así continuidade á súa aposta pola colaboración público-privada e impulsando **novos instrumentos deseñados especificamente** para afrontar este reto.

Neste sentido, coñecendo a complexidade do reto para abordar, a Xunta de Galicia abrirá un **diálogo continuado** coas principais empresas do sector de aeroespazo, a seguridade e a defensa, para identificar claramente os seus plans industriais e configurar **grandes proxectos de soberanía tecnolóxica**, que fagan de Galicia o mellor lugar para crear novas capacidades produtivas territoriais.

Doutra banda, o sector do aeroespazo, a seguridade e a defensa caracterízase pola existencia de grandes proxectos ou programas nacionais e europeos, orientados a desenvolver e a comprar tecnoloxías críticas, equipamentos da defensa como buques, aeronaves, etc., ou a alcanzar misións determinadas. A participación nestes proxectos e programas é altamente competitiva, polo que a Xunta apoiará de maneira directa ás empresas e consorcios galegos que decidan tentar participar neles, a través dun novo instrumento: os Consorcios galegos para proxectos e programas estratéxicos.



04

novos Acordos de Asociación de terceira xeración é o obxectivo que a Xunta se propón asinar durante este novo período.

O orzamento deste Programa ascende a 84 millóns de euros, no período 2025-2030, e aspira a mobilizar 621 millóns de investimento en Galicia.

O orzamento deste Programa ascende a 84 millóns de euros, no período 2025-2030, e aspira a mobilizar 621 millóns de investimento en Galicia.



6.2

Programa de Apoio a Incorporación e Consolidación

O obxectivo do segundo programa da Estratexia 25-30 é **lograr a transformación sectorial do tecido empresarial e industrial existente en Galicia para que sexa capaz de aproveitar as oportunidades dos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa** nos próximos anos a través de dúas vías: axudando a empresas doutros sectores ou a novas empresas a incorporarse os sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa; e consolidando as empresas existentes.

Para iso, a través deste programa prestarase asesoramento a estas empresas, apoiarallas nos seus procesos de transformación e proporcionaráselles infraestruturas territoriais singulares para poder abordar dito proceso de transformación. Ademais, crearanse mercados para as empresas galegas e facilitarase o coñecemento da oferta e as capacidades de Galicia, tanto a nivel nacional como internacional.

Neste sentido, a Xunta busca facer de Galicia un territorio líder en capacidades para desenvolver tecnoloxía, fabricar e comercializar produtos e servizos de alto valor nestes sectores dotando á rexión das capacidades necesarias para soste as súas vantaxes a longo prazo. A Xunta expónse traballar nos seguintes ámbitos das devanditas capacidades:




O segundo programa axudará a novas empresas a incorporarse aos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa, e consolidará as xa existentes.

→ **Infraestruturas territoriais:** as infraestruturas son clave para o desenvolvemento industrial e tecnolóxico de calquera sector. No últimos dez anos, a través do impulso de diversas infraestruturas e do seu equipamento, a Xunta conseguiu situar a Galicia como unha rexión competitiva neste tipo de infraestruturas no sector aeroespacial. Moitas delas son infraestruturas compatibles co seu uso no sector da seguridade e a defensa. O obxectivo respecto a as infraestruturas será tanto o fortalecemento das xa existentes como a creación de novas infraestruturas que sitúen a Galicia como territorio competitivo e, se é posible, dóténlle de capacidades únicas, polo menos en España.

→ **Equipamento singular:** da mesma maneira que sucedeu coas infraestruturas, a adquisición por parte da Xunta de diverso equipamento tecnolóxico para aquelas dotou a Galicia de equipamento singular para desenvolver capacidades como a simulación, a seguridade ou ciberseguridade dos voos aéreos ou as comunicacións avanzadas no sector do aeroespazo. O obxectivo é consolidar este equipamento maximizando o seu uso, á vez que dotar a Galicia de novo equipamento que a faga cada vez máis competitiva.

→ **Financiamento de proxectos de base tecnolóxica:** para o que se impulsará a participación das empresas do ecosistema nos instrumentos de apoio á I+D rexionais, nacionais e internacionais; de maneira que estas dispoñan de financiamento competitivo coa dos demais territorios e poidan cofinanciar os seus proxectos de investigación, innovación e creación de novas solucións tecnolóxicas.

→ **Unidade especializada e seguridade e defensa:** A través dunha unidade específica especializada nestes sectores da Oficina Económica do Igape, dáse a través dunha unidade específica especializada nestes sectores da Oficina Económica do Igape, ofrecerase apoio ao tecido produtivo galego na súa incorporación a esta nova actividade, con diferentes liñas de actuación (asesoramento, financiamento, participación en consorcios, ...) dará apoio ao tecido produtivo galego para a súa incorporación a esta nova actividade, con diferentes liñas de actuación (asesoramento, financiamento, participación en consorcios, ...).



A Xunta busca facer de Galicia un territorio líder en capacidades para desenvolver tecnoloxía, fabricar e comercializar produtos e servizos de alto valor.


→ **Fomento de Vocacións:** sendo o talento presente e futuro un elemento crave da competitividade rexional e, por tanto, unha necesidade do ecosistema a curto, medio e longo prazo, impulsárase desde a Xunta de Galicia unha actuación centrada na creación e desenvolvemento de vocacións entre os máis novos, para orientar a súa especialización académica e os seus desexos de emprego futuro cara aos sectores de alta tecnoloxía e, en concreto, cara ao aeroespazo, a seguridade e a defensa.

→ **Incubación e aceleración de empresas:** BF Aero e ESA BIC: que inclúen as actuacións realizadas desde a Consellería de Economía e Industria para favorecer a creación e a aceleración de empresas no sector aeroespacial en Galicia.



Diversas axudas permitirán ás empresas e centros de investigación entrar nestes sectores, crear novas tecnoloxías propias, acelerar o seu crecemento ou participar en feiras nacionais e internacionais, para lograr un sector cada día máis competitivo.

→ **Presenza rexional en feiras nacionais e internacionais:** creándose misións rexionais que faciliten a participación o maior número de empresas nestas feiras e abordando a comercialización de Galicia como territorio atractivo para investimentos futuros doutras empresas.




Cooperación técnica con outros Gobernos: materializada no apoio para definir programas de investimento e para executar licitacións centradas nas tecnoloxías e produtos comercializados polas empresas galegas, de maneira que se exporte o coñecemento acumulado por Galicia na última década na adquisición de vehículos non tripulados a outras rexións e nacións, expandindo así os mercados das empresas galegas.

Participación en Programas internacionais, directamente pola Xunta de Galicia, colaborando con outras rexións que impulsan estes mesmos sectores, de maneira que poida compartirse o coñecemento, así como importar mellores prácticas que fortalezan a Iniciativa Estratégica de Galicia.

Axudas á internacionalización: facilitando a expansión internacional das empresas galegas, a súa incorporación a novos mercados e a súa competitividade noutros países.

O orzamento deste Programa ascende a 34 millóns de euros, no período 2025-2030 e aspira a mobilizar un investimento total de 62 millóns de euros en Galicia.



6.3.

Programa para Investimentos Duais en Aeroespazo, Seguridade e Defensa

O obxectivo do terceiro programa da Estratexia 25-30 da Iniciativa Estratéxica é acompañar ao nacente sector galego aeroespacial na fase de crecemento das empresas, favorecendo o investimento destas en Galicia e a permanencia da propiedade no territorio.

Tras o esforzo realizado durante a última década pola Xunta de Galicia, que deveu no nacemento de numerosas empresas, na entrada dalgunhas delas nas cadeas de valor intersectoriais das grandes empresas do sector, na creación de activos tecnolóxicos propios e na internacionalización da súa actividade, a Xunta cre indispensable desenvolver un programa de investimentos orientados a facilitar o crecemento e a consolidación destas empresas no territorio, evitando a súa deslocalización e favorecendo a produción dos seus bens en territorio galego.

Por iso, a principal actuación deste programa é a **creación do Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais**. A Xunta de Galicia, cunha achega de 40 millóns de euros, aspira a mobilizar recursos equivalentes procedentes de entidades financeiras, fondos especializados e outros grandes investidores, que se concreten nun ou varios instrumentos vinculados ao territorio; é dicir, que apoien o crecemento de empresas galegas ou de compañías cuxos proxectos se leven a cabo en Galicia.

As actuacións que forman este terceiro programa de investimento son:

→ **Fondo de investimento en Tecnoloxías Duais**, xa mencionado, que se centrará en apoiar o crecemento das empresas galegas co obxectivo de evitar os riscos da venda delas ou das súas tecnoloxías en fases temperás e de deslocalización.



A través do programa de investimentos duais, a Xunta apoiará os investimentos necesarios para impulsar o desenvolvemento industrial das empresas do sector aeroespacial galego e atraer novos investimentos a Galicia, destacando un novo Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais.



40 M€

será a achega inicial da Xunta para a creación do Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais.

Atracción de investimentos: conxunto de instrumentos do IGAPE orientados a atraer investimentos a Galicia nestes sectores.

Solo industrial: oferta de solo industrial de Galicia, que se poñerá ao dispor das empresas que necesiten deste tipo de chan para materializar os seus investimentos. Crearase un instrumento para lograr o abaratamento deste chan para as empresas interesadas.


Axudas á innovación: que recollen diversos instrumentos de apoio á innovación xestionados por IGAPE e que buscan favorecer a dixitalización, a mellora na xestión, a obtención de certificacións, etc.

Outros instrumentos de apoio ao investimento: como o acceso a garantías e outras facilidades que pon o IGAPE ao dispor das empresas.

Demanda rexional de solucións innovadoras: por último, a Xunta seguirá empregando a compra pública como instrumento para adquirir solucións baseadas nas tecnoloxías destes sectores, que dean resposta a retos de seguridade, eficiencia e eficacia dos propios servizos da Xunta de Galicia.

O orzamento deste Programa ascende a 65 millóns de euros, no período 2025-2030 e aspira a mobilizar un investimento en Galicia próximo aos 203 millóns de euros.

Programa para Inversións
Duais en Aeroespazo,
Seguridade e Defensa.





07

Gobernanza

A Gobernanza da Estratexia 25-30 da Iniciativa Estratéxica de Aeroespacial, Seguridade e Defensa contempla as seguintes actuacións:

→ **Foro técnico anual e grupo de expertos:** compartir o coñecemento técnico acumulado polas empresas e centros, en parte grazas aos propios instrumentos de colaboración da Xunta, considérase un aspecto clave para maximizar os resultados, efectos e impactos da Iniciativa, polo que anualmente organizarase desde a Xunta de Galicia un foro técnico no que se presentarán e compartirán os resultados dos proxectos financiados, así como outros resultados técnicos que as empresas e centros queiran comunicar.

Ademáis crearase un grupo de traballo de expertos, procedentes da industria, das AA.PP. e dos centros de coñecemento, que poidan orientar a toma de decisións cruce por parte da Xunta de Galicia, así como discutir novas formulacións que poidan realizarse para manter a estratexia en continua evolución.



A Gobernanza da Iniciativa basearase na participación dos actores privados e a colaboración dos expertos na materia. **Ademais dun Diálogo Estratéxico coa industria**, a Xunta creará un Observatorio do sector aeroespacial, dá seguridade e a defensa, **que lle permitirá tomar decisións baseadas en datos mediante ou seguimento do contexto e a realización de estudos e avaliacións específicas**

- **Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa, seguimento e difusión:** a Xunta manterá a actividade de investigación multidisciplinar sobre o sector do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Galicia, en relación co contexto nacional e internacional. Para iso financiará estudos específicos que permitan tomar decisións baseadas en datos. Realizarase unha avaliación intermedia e unha final dos resultados, efectos e impactos da Estratexia. Estas avaliacións serán operacións específicas que se nutrirán tanto de datos xa existentes (como os estudos do observatorio) como de datos obtidos a través de operacións de campo da propia avaliación.



Diversos expertos asesorarán á Xunta na implantación destas actuacións, a través dun Foro Técnico Anual **destes sectores e da creación dun grupo de traballo con profesionais da industria, administracións públicas e centros de coñecemento.** **Todo iso co** obxectivo de consolidar a Galicia como un referente no apoio rexional aos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa en Europa.



08


Orzamento 2025-2030

O orzamento total **confirmado das partidas de gasto incluídas no período 2025-2030 da Iniciativa Estratéxica de Aeroespazo, Seguridade e Defensa** é de **183 M€**.

O seguinte cadro recolle as cantidades orzamentarias estimadas destinadas ás actuacións que implican custo, en cada un dos programas da Estratexia.



- 84 M€** Ecosistema
- 34 M€** Apoio á incorporación e á consolidación
- 65 M€** Investimentos duais de Aeroespazo, Seguridade e Defensa



Este esforzo investidor espera mobilizar investimentos doutras entidades públicas e do sector privado ata alcanzar un investimento total próximo aos 900 millóns de euros en Galicia. É dicir, cada euro de investimento da Xunta aspira a mobilizar 3,9 euros de investimento doutros actores públicos e privados.

Orzamento por entidade

Dirección Xeral de
Estratexia Industrial e
Solo Empresarial




GAIN



IGAPE



XESGALICIA





Iniciativa Estratégica en Aeroespacio, Seguridade e Defensa 2025-2030



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA